

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 27/03/2025(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 27/03/2025, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de data 27 de febreiro de 2025.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de febreiro de 2025.

3. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 02/REC/2025 da relación de facturas F/2025/8 por importe de 10.725,89 €.

4. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía relativa á aceptación das condicións e prescricións polas que se podería outorgar polo Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, a concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre, con destino á execución do proxecto de “Recuperación da Fachada Marítima de O Ramal”.

5. Aprobación, se procede, da proposta da Alcaldía para adxudicar o contrato de servizos suxeito a regulación armonizada, denominado “servizo de axuda no fogar do Concello de Vilagarcía de Arousa”.

6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP relativa a melloras no mantemento e na rede de abastecemento e saneamento da zona de Aralde.

8. Aprobación, se procede, da proposta da Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril, solicitando que o albergue de peregrinos de Carril se denomine Albergue de Peregrinos Andrés Fernández García

9. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

10. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

11. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

12. Rogos e preguntas presentadas por escrito polos membros da Corporación Municipal.

13. Rogos e preguntas formuladas oralmente na sesión, polos membros da Corporación Municipal.

14. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Fernando Pérez Quintela e D. Manuel Angel Figueiredo González utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE DATA 27 DE FEBREIRO DE 2025.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.
Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21) a acta da sesión anterior de data 27 de febreiro de 2025

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE FEBREIRO DE 2025:

Pola Secretaría dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

- 1 Declaración loito oficial
- 3 Adscrición/cambio vehículo licenza taxi
- 1 Retroacción expediente contratación
- 2 Expediente modificación de crédito por xeración
- 2 Expediente transferencia de crédito
- 1 Expediente modificación de crédito por incorporación de remanentes
- 1 Delegación funcións Lino Mouriño a Paola María
- 2 Pagamento taxa autonómica
- 9 Licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Incoación expediente sancionador presunta infracción lei de augas
- 1 Solicitude subvención actuacións en materia de biorresiduos
- 1 Autorización festa do cocido en Os Duráns
- 1 Baixas no padrón de habitantes por inscrición indebida
- 3 Primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 3 Recurso de reposición expediente sancionador de tráfico
- 1 Resolución sancionadora expediente infracción tráfico
- 1 Pago subvención Fexdega
- 1 Dedución haberes a empregado por ausencia non xustificada
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Aportación plan de pensións
- 1 Bases proceso selectivo Mais Provincia
- 1 Modificación nomeamento por vacante
- 3 Nomeamento funcionarios interinos
- 1 Nomeamento tribunal programa Mais Provincia
- 1 Tramitación servizos extraordinarios 2024 XGL
- 1 Aplicación salario mínimo interprofesional
- 5 Nomeamento substitución posto de categoría superior
- 1 Establecemento número máximo de sesións proceso selectivo bolsas de emprego
- 1 Recurso contencioso expte. Responsabilidade patrimonial
- 1 Novo prazo presentación ofertas licitación expediente contratación
- 4 Estimatoria derivación subsidiaria
- 5 Estimatoria Recibos
- 2 Estimatoria prorrateo IAE
- 2 Estimatoria rateo IVTM
- 17 Estimatoria pagos duplicados
- 5 Estimatoria/deseestimatoria ICIO
- 2 Deseestimatoria IVTM
- 3 Deseestimatoria IAE
- 55 Estimatoria/deseestimatoria compensación de debedas
- 12 Estimatoria liquidacións e baixas

4 Estimatoria IBI
6 Estimatoria beneficios fiscais IVTM
28 Estimatoria taxas e prezos públicos
9 Estimatoria/deseestimatoria IIVTNU
1 Apertura conta bancaria
1 Orde pago amortización anticipada
40 Orden de pago
15 Deber de conservación
1 Prorroga aportación documentación licenza de obra
5 Reposición da legalidade urbanística
2 Expte. Sancionador actividades
13 Adaptación terraza a condicións licenza concedida
1 Concesión de licenza de primeira ocupación
35 Comunicación previa obras menores
1 Declaración ineficacia comunicación previa obras menores
9 Concesión licenza de obra menor
1 Deseestimacion recurso reposición denegación licenza segregación
9 Concesión licenza de obra maior
1 Desestimento solicitude de licenza
2 Cambio de titularidade licenza de obra maior
8 Comunicación cambio de titularidade establecemento
2 Archivo comunicación previa inicio actividade
1 Aceptación terreos afectados por aliñación
1 Corrección erro comunicación previa actividade
1 Concesión licenza para instalación de terraza
2 Conformidade proxecto de execución
6 Concesión prórroga para remate de obras

TOTAL: 365

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 02/REC/2025 DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/8 POR IMPORTE DE 10.725,89 €.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de marzo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía, do seguinte teor:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

1. F/2025/8 cun importe de 10.725,89€: inclúe xustificantes de gasto con rexistro contable no exercicio 2025 que corresponden a contratos menores de subministro e servizos derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais realizados en 2021, 2022 e 2024, que foron recibidos no exercicio 2025, e que carecían de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación aos créditos do exercicio correspondente.

Visto que no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados nas relacións de facturas anexas á

providencia de alcaldía por importe de 10.725,89 €.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención, JFC/320/2025 (CSV EFBF10Z5TPEQYFDB), no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2025/PLENO por importe de 10.725,89 € con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas nas relacións anexas á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2025/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas Nº F/2025/8 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 10.725,89 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2025 (2024 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixital

O ALCALDE

Tania García Sanmartín (Alcaldesa accidental).

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 02/REC/2025 da relación de facturas F/2025/8, por importe de 10.725,89 €.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), PP (9 e BNG (2) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos Nº 02/REC/2025/PLENO, das facturas e xustificantes comprendidos nas relacións de facturas Nº F/2025/8 anexas á providencia de alcaldía, por un importe global de 10.725,89 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2025 (2024 prorrogado) a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN E PRESCRIPCIÓN POLAS QUE SE PODERÍA OUTORGAR POLO MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO, A CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE, CON DESTINO Á EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “RECUPERACIÓN DA FACHADA MARÍTIMA DE O RAMAL”. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 24

de marzo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN PARA A ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS POLAS QUE PODERÍA OUTORGARSE A CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DO COMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO Á EXECUCIÓN DO “PROXECTO DE RECUPERACIÓN FACHADA MARÍTIMA O RAMAL”, T.M. DE VILAGARCÍA DE AROUSA.

Con data 10 de marzo de 2025, recibíuse neste concello escrito do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra achegando resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar (Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico), de data 6 de marzo de 2025, de sometemento da aceptación do concello de Vilagarcía de Arousa das condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre con destino á execución do “Proxecto de recuperación fachada marítima O Ramal”, T.M. de Vilagarcía de Arousa, redactado polo arquitecto D. Manuel Tanoira Carballo en xullo de 2024, na súa versión de outubro de 2024.

As obras descritas no proxecto (consisten na creación dun espazo público, peonil e axardinado a través da peonalización do mesmo e a renaturalización da chaira actual, que se emprega como área de estacionamento. As actuacións estrutúranse da seguinte maneira:

- Traballos consistentes na continuación da Avda. da Mariña, a súa conexión co Paseo Marítimo e as superficies adxacentes ao devandito paseo (itinerarios peonís e áreas estanciales a base de pavimentos de formigón coloreado, áreas axardinadas e unha duna artificial, instalación de mobiliario urbano).
- Urbanización das superficies que quedan entre os eixos principais formados por unha gran zona verde na que se atopa unha pradería e un lago, ademais dunha zona de lecer e estancia ao redor dunha cafetería. Planéase a demolición de varias construcións existentes (aseos públicos, caseta de obra) e a disposición dunha construción tipo “pavillón” onde poden albergarse aseos públicos e unha eventual cafetería.

A ocupación en dominio público marítimo-terrestre límitase a unha ocupación de 803,03 m², que se divide en dúas zonas:

- Na zona ampliada nº1 (327,10 m²) actualmente atópanse uns xogos saudables sobre pavimento brando artificial, así como zona de céspede e árbores ornamentais.
- Na zona ampliada nº2 (475,93 m²) actualmente atópase unha zona de céspede e árbores ornamentais, así como os aseos existentes e a caseta de obra, ademais dunhas instalacións de saneamento que se compoñen dun pozo de bombeo, pozo de rexistro, colectores e tubaxes de impulsión.

As obras para executar en dominio público marítimo-terrestre consisten, basicamente en:

- Itinerarios peonís e áreas estanciales a base de pavimentos de formigón coloreado.
- Áreas axardinadas e duna artificial.
- Mobiliario urbano
- Demolición de construcións existentes na zona “Área ampliada 2” (aseos públicos, caseta de obra e instalacións existentes), salvo as instalacións de bombeo e saneamento que se conservan.

As actividades para as que se solicitou a concesión son aquelas a que se refire o art. 61 do Regulamento Xeral de Costas e polo tanto, poderían autorizarse sempre que se acepten polo concello as condicións e prescricións indicadas na resolución do 6 de marzo de 2025 antes indicada.

De conformidade co establecido no artigo 135 do Regulamento Xeral de Costas, o prazo polo que se outorga a concesión é de quince (15) anos, prorrogables ata un máximo de trinta (30) anos, se persisten as condicións de interese público que motivaron o outorgamento.

Respecto ao canon, de conformidade co previsto no artigo 84 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, as entidades locais, están exentas do pago do canon de ocupación nas concesións que

se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que as mesmas non sexan obxecto de explotación lucrativa. Polo que, ao ser o peticionario o Concello de Vilagarcía de Arousa, dada a natureza do proxecto, estará exento do pago do canon de ocupación. A resolución contempla unha condición previa ao outorgamento da concesión consistente en que o Concello deberá dar resposta ao indicado na consideración 4 da resolución que sinala o seguinte:

4) Con respecto á estación de bombeo que se mantén dentro do dominio público marítimo-terrestre, adaptando simplemente as tapas de rexistro ao novo pavimento, aínda que se trata dunha ocupación que non se atopa integrada actualmente baixo paseos ou viais pavimentados, supón unha ocupación puntual do citado demanio e por tanto non estaría suxeita á prohibición do artigo 96 do Regulamento Xeral de Costas.

Con todo, deberase completar a documentación achegada co resto da ocupación de colectores de augas residuais asociados á devandita infraestrutura que se atopen no ámbito obxecto de solicitude de concesión, debendo indicarse igualmente se o bombeo contempla algún aliviadoiro que verta ao dominio público marítimo-terrestre, e en tal caso, achegar a correspondente autorización de vertedura ou acreditación por parte do organismo competente de que a mesma non é necesaria.

Sobre este particular, o Sr. Arquitecto municipal informou, con data 18/03/2025, que a evacuación de augas residuais da cafetería, único elemento que as vai producir, realizarase ao longo da Travesía lateral ata un pozo situado no entronque coa Avenida Rosalía de Castro, sen afectar en modo algún a zona de DPMT. Sinalando que non se pretende executar ningunha instalación nin aliviadoiro de augas residuais no subsolo do dominio público marítimo terrestre nin tampouco se van modificar ningunha das partes funcionais do bombeo existente.

A aceptación das condicións e prescricións polas que podería outorgarse a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre con destino á execución do “Proxecto de recuperación fachada marítima O Ramal”, T.M. de Vilagarcía de Arousa, debe ser adoptada polo Concello Pleno.

En atención ao exposto, veño en propoñer ao Pleno da Corporación, a adopción do presente acordo:

1.- Aceptar as condicións e prescricións, contidas na resolución do 6 de marzo de 2025, da Dirección Xeral da Costa e do Mar (Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico).polas que podería outorgarse a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre con destino á execución do “Proxecto de recuperación fachada marítima O Ramal”, T.M. de Vilagarcía de Arousa, redactado polo arquitecto D. Manuel Tanoira Carballo en xullo de 2024, na súa versión de outubro de 2024.

2.- Comunicar ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra que, en relación coa condición previa ao outorgamento da concesión contemplada na consideración 4 da resolución do 6 de marzo de 2025 antes citada e, de acordo co informado polo Sr. Arquitecto municipal con data 18/03/2025, a evacuación de augas residuais da cafetería, único elemento que as vai producir, realizarase ao longo da Travesía lateral ata un pozo situado no entronque coa Avenida Rosalía de Castro, sen afectar en modo algún a zona de DPMT.

Non se pretende executar ningunha instalación nin aliviadoiro de augas residuais no subsolo do dominio público marítimo terrestre nin tampouco se van modificar ningunha das partes funcionais do bombeo existente.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica

Asdo.: Tania García Sanmartín

Alcaldesa-Presidenta accidental

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta da Alcaldía relativa á aceptación das condicións e prescricións polas que se podería outorgar polo

Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico, a concesión de ocupación de dominio público marítimo-terrestre, con destino á execución do proxecto de “Recuperación da Fachada Marítima de O Ramal”.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), PP (9 e BNG (2) e unha abstención do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

1.- Aceptar as condicións e prescricións, contidas na resolución do 6 de marzo de 2025, da Dirección Xeral da Costa e do Mar (Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico).polas que podería outorgarse a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre con destino á execución do “Proxecto de recuperación fachada marítima O Ramal”, T.M. de Vilagarcía de Arousa, redactado polo arquitecto D. Manuel Tanoira Carballo en xullo de 2024, na súa versión de outubro de 2024.

2.- Comunicar ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra que, en relación coa condición previa ao outorgamento da concesión contemplada na consideración 4 da resolución do 6 de marzo de 2025 antes citada e, de acordo co informado polo Sr. Arquitecto municipal con data 18/03/2025, a evacuación de augas residuais da cafetería, único elemento que as vai producir, realizarase ao longo da Travesía lateral ata un pozo situado no entronque coa Avenida Rosalía de Castro, sen afectar en modo algún a zona de DPMT.

Non se pretende executar ningunha instalación nin aliviadoiro de augas residuais no subsolo do dominio público marítimo terrestre nin tampouco se van modificar ningunha das partes funcionais do bombeo existente.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE SERVIZOS SUXEITO A REGULACIÓN ARMONIZADA, DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 24 de marzo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do seguinte teor:

PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DO CONCELLO PARA ADXUDICAR O CONTRATO DE SERVIZOS, TRAMITADO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DENOMINADO “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR - CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (Expte. Contratación CT 70/2023-e)

O Concello Pleno, en sesión de data 29/08/2024, acordou:

1.- Iniciar o expediente de contratación para contratar o SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA e que o mesmo se tramite mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria. Trátase dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada por ter un valor estimado superior a 750.000,00€ e ter como obxecto os servizos sociais conforme ao disposto polo artigo 22.1.c) da LCSP.

2. a) Aprobar o expediente de contratación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria do contrato de servizos denominado “Axuda no fogar concello de Vilagarcía de Arousa”, que se licitará mediante os servizos de licitación electrónica da Plataforma de Contratación do Sector Público.

2. b) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas particulares (prego técnico), así como os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato.

2. c) Autorizar o gasto derivado deste contrato, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes dos orzamentos municipais para os anos 2025 e 2026, debendo consignarse nos orzamentos dos citados exercicios crédito idóneo e suficiente para atender os deberes económicos derivados do contrato.

2. d) Dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, a través dos servizos de licitación da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Orzamento de licitación do contrato: 3.730.307,94 € (IVE incluído)

Orzamento de licitación do contrato (IVE 4% excluído): 3.586.834,55 €

Valor estimado do contrato: 8.038.306,16 €

Duración do contrato: 2 anos, prorrogables por anualidades ata un máximo de dous.

Aberto o prazo de presentación de ofertas, concorreron as seguintes entidades:

NIF: B70091749 ATTENDE CARE, S.L.

NIF: B70493275 OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.

NIF: B85621159 SERVEO SOCIAL, S.L.

NIF: F21561238 ÓBOLO SCA DE INTERES SOCIAL

A mesa de contratación excluíu da licitación á empresa OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L., xa que presentou a oferta económica no sobre que debería conter a proposta técnica, o que contravén o disposto na cláusula 12.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe a licitación e dá lugar á exclusión automática do licitador.

Así mesmo, á vista do informe emitido pola Sra. Coordinadora do centro de servizo sociais, en relación coas proposicións técnicas presentadas polos licitadores, a Mesa de Contratación acordou excluír as ofertas presentadas polos seguintes licitadores e polos motivos que se indican:

NIF: B70091749 ATTENDE CARE, S.L., xa que o proxecto técnico presentado non recolle todos os epígrafes establecidos na cláusula 3.1 letra e) do prego de prescricións técnicas particulares (PPT) ao non recoller nin desenvolver o epígrafe: “Coherencia global do proxecto, adecuación da proposta á realidade do Concello e en relación ao obxecto do contrato e obxectivos, así como innovación proposta”.

NIF: F21561238 *ÓBOLO SCA DE INTERES SOCIAL, pois tendo en conta o disposto polo Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) no seu Anexo IV (contido da proposta técnica) e Anexo VII (aspectos obxectivos de adxudicación e baremo de valoración), incumpre o seguinte:

- O proxecto técnico presentado non cumpre cos requisitos de presentación establecidos na cláusula 3.1 letra e) do prego de prescricións técnicas particulares (PPT) e no Anexo IV do PCAP, pois:

a) Preséntase cun interlineado simple, no canto de 1,5 liñas tal como especificábase nos pregos.

b) Preséntanse contidos do proxecto a través de táboas cun tamaño de letra moi inferior ao tamaño 12 establecido como requisito.

Valorada a única oferta técnica que se axusta aos pregos, presentada polo licitador NIF: B85621159 SERVEO SOCIAL, S.L., esta obtivo unha valoración de 48 puntos, de acordo co indicado no informe de valoración emitido pola Sra. Coordinadora do centro de servizo sociais.

A oferta económica presentada polo licitador SERVEO SOCIAL, S.L. é a seguinte:

NIF: B85621159 SERVEO SOCIAL, S.L.

	PREZO ANUAL OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO ANUAL OFERTADO IVE INCLUIDO
Primeira anualidade	1.646.411,76 €	65.856,47 €	1.712.268,23 €
Segunda anualidade	1.689.165,96 €	67.566,64 €	1.756.732,60 €
PREZO TOTAL OFERTADO (1ª+2ª ANUALIDADE)			
	PREZO TOTAL OFERTADO EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO TOTAL OFERTADO IVE INCLUIDO
Prezo TOTAL ofertado (1ª+2ª anualidade)	3.335.577,72 €	133.423,11 €	3.469.000,83 €

PREZO/HORA OFERTADO

Prezo/ hora laborable		Prezo/hora festivo	
Prezo/hora ofertado	Prezo/hora ofertado	Prezo/hora ofertado	Prezo/hora ofertado

	(IVE excluído)	(IVE 4%incluído)	(IVE excluído)	(IVE 4%incluído)
Primeira anualidade	22,54 €	23,44 €	26,22 €	27,27 €
Segunda anualidade	23,13 €	24,06 €	26,87 €	27,94 €

PREZOS OFERTADOS EN CASO DE POSIBLE PRÓRROGA DO CONTRATO:

	PREZO ANUAL PRÓRROGA OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO ANUAL PRÓRROGA OFERTADO IVE INCLUIDO
Terceira anualidade	1.846.389,12 €	73.855,56 €	1.920.244,68 €
Cuarta anualidade	1.887.092,16 €	75.483,69 €	1.962.575,85 €

PREZO/HORA OFERTADO EN CASO DE POSIBLE PRÓRROGA DO CONTRATO				
	Prezo/ hora laborable (prórroga)		Prezo/hora festivo (prórroga)	
	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)
Terceira anualidade	25,28 €	26,29 €	29,39 €	30,57 €
Cuarta anualidade	25,84€	26,87 €	30,02 €	31,22 €

O prezo ofertado inclúe as seguintes melloras evaluables automaticamente:

Licitador	Servizos de rehabilitación terapéutica (fisioterapia). Número de sesións adicionais ao mínimo establecido no PPT ofertadas		Oferta bolsa anual de horas de servizo SAF	Oferta do servizo de limpeza e hixiene de carácter especial e urxente en domicilios (limpezas de choque). Número anual de servizos
	Nº de sesións anuais	Nº de sesións mensuais		
SERVEO SOCIAL S.L.	240	20	1.200 horas	5

Unha vez aplicados pola mesa de contratación os criterios de valoración previstos no PCAP, o resultado é o seguinte:

Licitador	PUNTUACIÓN Servizos de rehabilitación terapéutica (fisioterapia). Número de sesións adicionais ao mínimo establecido o PPT ofertadas)	PUNTUACIÓN Oferta bolsa anual de horas de servizo SAF	PUNTUACIÓN Oferta do servizo de limpeza e hixiene de carácter especial e urxente en domicilios (limpezas de choque). Número anual de servizos	PUNTUACIÓN Prezo ofertado (1ª+2ª anualidade) 3.335.577,72 €
SERVEO SOCIAL S.L.	2	5	8	36

De acordo á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B85621159 SERVEO SOCIAL, S.L. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 48

Total criterios CAF: 51

Total puntuación: 99

Orde: 2NIF: F21561238 ÓBOLO SCA DE INTERES SOCIAL (excluído)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF:

Total puntuación: 0

Orde: 3NIF: B70091749 ATTENDE CARE, S.L. (excluído)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF:

Total puntuación: 0

Orde: 4NIF: B70493275 Osventos Innovación en Servizos S.L. (excluído)

Total criterios CJV:

Total criterios CAF:

Total puntuación: 0

Á vista do que antecede, a mesa de contratación, por unanimidade, e conforme ao disposto polo art. 150.1 da Lei de Contratos do Sector Público, acordou:

1. Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado

“SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” cun orzamento de licitación de 3.730.307,94 € (IVE incluído) á empresa con maior puntuación de acordo coa orde na que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: B85621159 SERVEO SOCIAL, S.L., de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

Oferta do licitador SERVEO SOCIAL, S.L.:

	PREZO ANUAL OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO ANUAL OFERTADO IVE INCLUIDO
Primeira anualidade	1.646.411,76 €	65.856,47 €	1.712.268,23 €
Segunda anualidade	1.689.165,96 €	67.566,64 €	1.756.732,60 €
PREZO TOTAL OFERTADO (1ª+2ª ANUALIDADE)			
	PREZO TOTAL OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO TOTAL OFERTADO IVE INCLUIDO
Prezo TOTAL ofertado (1ª+2ª anualidade)	3.335.577,72 €	133.423,11 €	3.469.000,83 €
PREZO/HORA OFERTADO			
	Prezo/ hora laborable		Prezo/hora festivo
	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)
Primeira anualidade	22,54 €	23,44 €	26,22 €
Segunda anualidade	23,13 €	24,06 €	26,87 €

PREZOS OFERTADOS EN CASO DE POSIBLE PRÓRROGA DO CONTRATO:

	PREZO ANUAL PRÓRROGA OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO ANUAL PRÓRROGA OFERTADO IVE INCLUIDO
Terceira anualidade	1.846.389,12 €	73.855,56 €	1.920.244,68 €
Cuarta anualidade	1.887.092,16 €	75.483,69 €	1.962.575,85 €

PREZO/HORA OFERTADO EN CASO DE POSIBLE PRÓRROGA DO CONTRATO

	Prezo/ hora laborable (prórroga)		Prezo/hora festivo (prórroga)	
	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)
Terceira anualidade	25,28 €	26,29 €	29,39 €	30,57 €
Cuarta anualidade	25,84€	26,87 €	30,02 €	31,22 €

O prezo ofertado inclúe as seguintes melloras:

Licitador	Servizos de rehabilitación terapéutica (fisioterapia). Número de sesións adicionais ao mínimo establecido no PPT ofertadas		Oferta bolda anual de horas de servizo SAF	Oferta do servizo de limpeza e hixiene de carácter especial e urxente en domicilios (limpezas de choque). Número anual de servizos
	Nº de sesións anuais	Nº de sesións mensuais		
SERVEO SOCIAL S.L.	240	20	1.200 horas	5

Requirido o licitador Serveo Social, S.L. para que acredítase a súa personalidade, capacidade e solvencia para ser adxudicatario do contrato, así como a correspondente garantía definitiva, este presentou a documentación correspondente, sendo a mesma cualificada pola mesa de contratación que, na súa sesión de data 11/03/2025, concluíu que a documentación presentada por Serveo Social, S.L. acredita a súa personalidade, capacidade e solvencia para ser adxudicataria do contrato do “Servizo de axuda no fogar” do concello de Vilagarcía de Arousa. Por outra banda, a mesa de contratación fixo constar, en relación coa Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil (RC) achegada que, dado que a mesma vence o 31/03/2025, unha vez

adxudicado o contrato e antes da firma do mesmo, Serveo Social, S.L. deberá presentar, conforme ao indicado no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, unha póliza de seguro de RC cun importe mínimo asegurado de 300.000,00€ por sinistro, que cubra as eventuais responsabilidades derivadas do exercicio da actividade do contratista. Admitiranse pólizas con franquía dun máximo de 600 €, sempre que o adxudicatario presente un documento de compromiso de asunción do custo da franquía. Deberá presentar documento xustificativo do pago da prima correspondente.

En atención ao anteriormente exposto, veño en propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar, con cargo á partida orzamentaria 231-22725, o contrato de servizos denominado “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” cun orzamento de licitación de 3.730.307,94 € (IVE incluído) á empresa con maior puntuación de acordo coa orde en que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: B85621159 SERVEO SOCIAL, S.L., de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

Dado que a Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil (RC) achegada vence o 31/03/2025, antes da firma do contrato, Serveo Social, S.L. deberá presentar, conforme ao indicado no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, unha póliza de seguro de RC cun importe mínimo asegurado de 300.000,00€ por sinistro, que cubra as eventuais responsabilidades derivadas do exercicio da actividade do contratista. Admitiranse pólizas con franquía dun máximo de 600 €, sempre que o adxudicatario presente un documento de compromiso de asunción do custo da franquía. Así mesmo, deberá presentar documento xustificativo do pago da prima correspondente.

Oferta do licitador SERVEO SOCIAL, S.L.:

	PREZO ANUAL OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO OFERTADO IVE INCLUIDO	ANUAL
Primeira anualidade	1.646.411,76 €	65.856,47 €	1.712.268,23 €	
Segunda anualidade	1.689.165,96 €	67.566,64 €	1.756.732,60 €	
PREZO TOTAL OFERTADO (1ª+2ª ANUALIDADE)				
	PREZO TOTAL OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO OFERTADO IVE INCLUIDO	TOTAL
Prezo TOTAL ofertado (1ª+2ª anualidade)	3.335.577,72 €	133.423,11 €	3.469.000,83 €	
PREZO/HORA OFERTADO				
	Prezo/ hora laborable		Prezo/hora festivo	
	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)
Primeira anualidade	22,54 €	23,44 €	26,22 €	27,27 €
Segunda anualidade	23,13 €	24,06 €	26,87 €	27,94 €

PREZOS OFERTADOS EN CASO DE POSIBLE PRÓRROGA DO CONTRATO:

	PREZO ANUAL PRÓRROGA OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO ANUAL PRÓRROGA OFERTADO IVE INCLUIDO
Terceira anualidade	1.846.389,12 €	73.855,56 €	1.920.244,68 €
Cuarta anualidade	1.887.092,16 €	75.483,69 €	1.962.575,85 €

PREZO/HORA OFERTADO EN CASO DE POSIBLE PRÓRROGA DO CONTRATO				
	Prezo/ hora laborable (prórroga)		Prezo/hora festivo (prórroga)	
	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)
Terceira anualidade	25,28 €	26,29 €	29,39 €	30,57 €
Cuarta anualidade	25,84€	26,87 €	30,02 €	31,22 €

O prezo ofertado inclúe as seguintes melloras:

Licitador	Servizos de rehabilitación terapéutica (fisioterapia). Número de sesións adicionais ao mínimo establecido no PPT ofertadas		Oferta bolda anual de horas de servizo SAF	Oferta do servizo de limpeza e hixiene de carácter especial e urxente en domicilios (limpezas de choque). Número anual de servizos
	Nº de sesións anuais	Nº de sesións mensuais		
SERVEO SOCIAL S.L.	240	20	1.200 horas	5

Anualidades orzamentarias do contrato:

Tendo en conta que a facturación do servizo se realiza por meses vencidos, a dotación orzamentaria para cada unha das anualidades ás que se extenderá o contrato é a seguinte:

Anualidade	Importe IVE sen IVE 4%	Importe IVE incluído	Partida presup.
1. TOTAL 2025 (6 meses) (xuño 25-nov 25)	823.205,88 €	32.928,24 €	856.134,12 €
2026 (6 meses) (dec 25 maio 26) (A)	823.205,88 €	32.928,24 €	856.134,12 €
2026 (6 meses) (xuño 26 – nov 26) (B)	844.582,98 €	33.783,32€	878.366,30 €
2. TOTAL 2026 (A+B) (12 meses)	1.667.788,86 €	66.711,55 €	1.734.500,41 €
3. TOTAL 2027 (6 meses) (dec 26 -maio 27)	844.582,98 €	33.783,32 €	878.366,30 €
TOTAL (2 anos) (1+2+3)	3.335.577,72 €	133.423,11 €	3.469.000,83 €

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

Asdo.: Tania García Sanmartín

Alcaldesa-Presidenta en funcións

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, PP e BNG informan favorablemente.

A persoa representante do grupo político municipal de EU di que se manifestará no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta da Alcaldía para adxudicar o contrato de servizos suxeito a regulación armonizada, denominado “servizo de axuda no fogar do Concello de Vilagarcía de Arousa”.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con vinte votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (9), PP (9 e BNG (2) e un voto en contra do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de EU (1)

ACÓRDASE: Por maioría:

Adxudicar, con cargo á partida orzamentaria 231-22725, o contrato de servizos denominado “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA” cun orzamento de licitación de 3.730.307,94 € (IVE incluído) á empresa con maior puntuación de acordo coa orde en que quedaron clasificadas as ofertas: NIF: B85621159 SERVEO SOCIAL, S.L., de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada e, polo tanto con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexe a licitación.

Dado que a Póliza de Seguro de Responsabilidade Civil (RC) achegada vence o 31/03/2025, antes da firma do contrato, Serveo Social, S.L. deberá presentar, conforme ao indicado no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación, unha póliza de seguro de RC cun importe mínimo asegurado de 300.000,00€ por sinistro, que cubra as eventuais

responsabilidades derivadas do exercicio da actividade do contratista. Admitiranse pólizas con franquía dun máximo de 600 €, sempre que o adxudicatario presente un documento de compromiso de asunción do custo da franquía. Así mesmo, deberá presentar documento xustificativo do pago da prima correspondente.

Oferta do licitador SERVEO SOCIAL, S.L.:

	PREZO ANUAL OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO ANUAL OFERTADO IVE INCLUIDO
Primeira anualidade	1.646.411,76 €	65.856,47 €	1.712.268,23 €
Segunda anualidade	1.689.165,96 €	67.566,64 €	1.756.732,60 €
PREZO TOTAL OFERTADO (1ª+2ª ANUALIDADE)			
	PREZO TOTAL OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO TOTAL OFERTADO IVE INCLUIDO
Prezo TOTAL ofertado (1ª+2ª anualidade)	3.335.577,72 €	133.423,11 €	3.469.000,83 €
PREZO/HORA OFERTADO			
	Prezo/ hora laborable		Prezo/hora festivo
	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)
Primeira anualidade	22,54 €	23,44 €	26,22 €
Segunda anualidade	23,13 €	24,06 €	26,87 €

PREZOS OFERTADOS EN CASO DE POSIBLE PRÓRROGA DO CONTRATO:

	PREZO ANUAL PRÓRROGA OFERTADO IVE EXCLUIDO	IVE (4%)	PREZO ANUAL PRÓRROGA OFERTADO IVE INCLUIDO
Terceira anualidade	1.846.389,12 €	73.855,56 €	1.920.244,68 €
Cuarta anualidade	1.887.092,16 €	75.483,69 €	1.962.575,85 €

PREZO/HORA OFERTADO EN CASO DE POSIBLE PRÓRROGA DO CONTRATO				
	Prezo/ hora laborable (prórroga)		Prezo/hora festivo (prórroga)	
	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)	Prezo/hora ofertado (IVE excluído)	Prezo/hora ofertado (IVE 4%incluído)
Terceira anualidade	25,28 €	26,29 €	29,39 €	30,57 €
Cuarta anualidade	25,84€	26,87 €	30,02 €	31,22 €

O prezo ofertado inclúe as seguintes melloras:

Licitador	Servizos de rehabilitación terapéutica (fisioterapia). Número de sesións adicionais ao mínimo establecido no PPT ofertadas		Oferta bolsa anual de horas de servizo SAF	Oferta do servizo de limpeza e hixiene de carácter especial e urxente en domicilios (limpezas de choque). Número anual de servizos
	Nº de sesións anuais	Nº de sesións mensuais		
SERVEO SOCIAL S.L.	240	20	1.200 horas	5

Anualidades orzamentarias do contrato:

Tendo en conta que a facturación do servizo se realiza por meses vencidos, a dotación orzamentaria para cada unha das anualidades ás que se extenderá o contrato é a seguinte:

Anualidade	Importe IVE sen	IVE 4%	Importe IVE incluído	Partida presup.
1. TOTAL 2025 (6 meses) (xuño 25-nov 25)	823.205,88 €	32.928,24 €	856.134,12 €	231-22725
2026 (6 meses) (dec 25 maio 26) (A)	823.205,88 €	32.928,24 €	856.134,12 €	
2026 (6 meses) (xuño 26 – nov 26) (B)	844.582,98 €	33.783,32€	878.366,30 €	
2. TOTAL 2026 (A+B) (12 meses)	1.667.788,86 €	66.711,55 €	1.734.500,41 €	

3. TOTAL 2027 (6 meses) (dec 26 -maio 27)	844.582,98 €	33.783,32 €	878.366,30 €	
TOTAL (2 años) (1+2+3)	3.335.577,72 €	133.423,11 €	3.469.000,83 €	

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP RELATIVA A MELLORAS NO MANTEMENTO E NA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA ZONA DE ARALDE.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 24 de marzo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 19 de marzo de 2025, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 27 de marzo de 2025 a seguinte MOCIÓN:

“Melloras no mantemento e na rede de abastecemento e saneamento da zona de Aralde”

EXPOÑEN

Nos últimos anos, dende o Partido Popular denunciámos, en varias ocasión, o estado de abandono no que se topa a zona de Aralde. A falta de mantemento é habitual con herbas que cobren os camiños, sumidoiros cubertos de terra e plantas, o lavadoiro sucio ou estradas en mal estado, entre moitos outros problemas.

Algúns exemplos da situación que atravesa Aralde podemos atopalos nalgúns tramos da rúa Mestres Trigo e Pazos, onde o asfalto está, dende hai varios anos, en moi mal estado, cuns buracos e fochancas de gran tamaño.

Outras vías, presentan un importante risco para os peóns e os vehículos, como acontece na rúa Maceiras. En paralelo á estrada transcorre un canal profundo, duns 70 ou 80 centímetros, sen

ningunha barreira de seguridade.

Outro problema co que se atopan en Aralde é que na rúa Fonte de Aralde, na actualidade, aínda hai sete vivendas que non dispoñen de auga corrente. Ademais, nesta rúa atópase o lavadoiro de Aralde que leva, tamén, moitos anos sen unha limpeza e necesita a reparación dunha tubaxe que está rota.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao pleno municipal os seguintes acordos:

- 1- Que se asfalte a rúa Mestres Trigo e Pazos.
- 2- Que se canalice o río que transcorre paralelo á rúa Maceiras permitindo que os peóns non teñan que transitar pola estrada, mellorando así a seguridade viaria, e, no caso onde non sexa posible, que se poñan varandas para separar a estrada da canle.
- 3- Que se realice un mantemento da zona incluíndo a limpeza e reparación do lavadoiro.
- 4- Que se amplíe a rede de abastecemento para dotar de auga corrente ás vivendas da rúa Fonte de Aralde.
- 5- Visto o punto anterior, que se elabore un informe de todas as vivendas do municipio que non contan con auga corrente nin saneamento, para ir ampliado cada ano os servizos de abastecemento e saneamento ata cubrir ao 100% do concello.

Ana Granja – Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP relativa a melloras no mantemento e na rede de abastecemento e saneamento da zona de Aralde.

Dáse conta da emenda de adición presentada polo grupo político municipal do BNG, seguinte:

- Que se proceda á restauración, limpeza e acondicionamento do lavadoiro de Fonte de Aralde cos materiais máis acaídos e acordes á zona, e propios deste tipo de estruturas, do xeito máis respectuoso co medio ambiente (punto 3 do acordo)
- Que se proceda á instalación dun punto de luz na Rúa Maceiras, en concreto no punto por onde transcorre paralelo á estrada un rego de auga.

Polo Grupo municipal do PP acéptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción, coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (9), BNG (2) e EU (1), e nove abstencións, dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSdeG-PSOE (9)

ACÓRDASE: Por maioría:

- 1- Que se asfalte a rúa Mestres Trigo e Pazos.
- 2- Que se canalice o río que transcorre paralelo á rúa Maceiras permitindo que os peóns non teñan que transitar pola estrada, mellorando así a seguridade viaria, e, no caso onde non sexa posible, que se poñan varandas para separar a estrada da canle.
- 3-Que se realice un mantemento da zona incluíndo a limpeza e reparación do lavadoiro e que se proceda á restauración, limpeza e acondicionamento do lavadoiro de Fonte de Aralde cos materiais máis acaídos e acordes á zona, e propios deste tipo de estruturas, do xeito máis respectuoso co medio ambiente.
- 4- Que se amplíe a rede de abastecemento para dotar de auga corrente ás vivendas da rúa Fonte de Aralde.
- 5- Visto o punto anterior, que se elabore un informe de todas as vivendas do municipio que non contan con auga corrente nin saneamento, para ir ampliado cada ano os servizos de abastecemento e saneamento ata cubrir ao 100% do concello.
- 6.- Que se proceda á instalación dun punto de luz na Rúa Maceiras, en concreto no punto por onde transcorre paralelo á estrada un rego de auga.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=7>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS AFOGHACRISTOS DE CARRIL, SOLICITANDO QUE O ALBERGUE DE PEREGRINOS DE CARRIL SE DENOMINE ALBERGUE DE PEREGRINOS ANDRÉS FERNÁNDEZ GARCÍA.-

Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 24 de marzo de 2025, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril, coa data de 14 de marzo de 2025, solicitando que se inclúa na orde do día do pleno para o seu debate, a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A DENOMINACIÓN DO NOVO ALBERGUE DE PEREGRINOS DE CARRIL COMO "ALBERGUE DE PEREGRINOS ANDRÉS FERNÁNDEZ GARCÍA"

A Asociación de Veciños Afoghacristos do Carril, ao abeiro da lexislación vixente en materia de participación cidadá e en concreto ao abeiro do artigo 70 bis da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local do artigo 228 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais así como ao abeiro do artigo 2 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vilagarcía de Arousa aprobado polo Pleno en data 16 de xaneiro de 1992 presenta a seguinte moción para a súa consideración e debate no Pleno Municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Andrés Fernández García foi un destacado veciño da parroquia Carril que deixou unha fonda pegada na nosa comunidade. Fillo de Angustia García e Juan Ignacio Fernández, foi un empresario de éxito no comercio marítimo con Sudamérica, copropietario de varias embarcacións como o “Peregrina”, o “Centinela” e a corbeta “Unión”.

Serviu como alcalde na época do Concello de Carril e sendo plenamente consciente das necesidades da súa comunidade e sen descendencia directa, en 1847 decidiu legar parte da súa fortuna á creación dunha fundación destinada a mellorar a vida dos veciños de Carril. Grazas á súa xenerosidade, a vila contou cunha escola e cun servizo médico gratuíto, cubrindo así carencias fundamentais da poboación da época, atacando de cheo ás desigualdades de finais do s. XIX. A súa casa, destinada á escola, é hoxe a Casa de Cultura de Carril, un símbolo duradeiro da súa contribución filantrópica.

Dende a directiva da Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril consideramos que o novo Albergue de Peregrinos de Carril en homenaxe a tan ilustre veciño debería levar o nome de “Albergue de Peregrinos Andrés Fernández García”. Esta denominación sería un merecido recoñecemento á súa figura e unha maneira de perpetuar a súa memoria, vinculándoa aos valores de solidariedade e compromiso que sempre defendeu.

Por todo o exposto a Asociación de Veciños Afoghacristos do Carril solicita a incorporación do seguinte acordo na orde do día do Pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa:

- Instar ó Goberno Municipal e a Dirección Xeral de Turismo -como órgano xestor á realización dos trámites necesarios para a denominación do Albergue de Carril como: “Albergue de Peregrinos Andrés Fernández García”.
- Instar ó Goberno Municipal e a Dirección Xeral de Turismo -como órgano xestor á instalación dunha placa conmemorativa na entrada do albergue que renda homenaxe a tan ilustre veciño e alcalde.

En Carril, Vilagarcía de Arousa a 14 de marzo de 2025
O Presidente da Asociación.

As persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais asumen e informan favorablemente por unanimidade a aprobación da proposta da Asociación de Veciños

Afoghacristos de Carril, solicitando que o albergue de peregrinos de Carril se denomine Albergue de Peregrinos Andrés Fernández García.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a proposta da Asociación de Veciños Afoghacristos de Carril e:

- Instar a Dirección Xeral de Turismo -como órgano xestor á realización dos trámites necesarios para a denominación do Albergue de Carril como: "Albergue de Peregrinos Andrés Fernández García".
- Instar á Dirección Xeral de Turismo -como órgano xestor á instalación dunha placa conmemorativa na entrada do albergue que renda homenaxe a tan ilustre veciño e alcalde.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as delegados/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Non se presentaron.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=12>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE NA SESIÓN, POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=13>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

14.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte das persoas que asisten como público á sesión fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20250327&punto=14>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:00, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.